



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Resultando necesario para este Concello proceder á realización das actuacións incluídas no POS+ADICIONAL 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento das obras de “Conservación de rúas no casco urbano do Concello de Laxe”, para o que se redactou o proxecto que a continuación se relaciona:

Á vista dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
2018/A008/000007	POS+ADICIONAL 1/2019	Aprobado por Pleno o 18/12/2018	DECEMBRO 2018
Proxecto “Conservación de rúas no casco urbano do Concello de Laxe” de maio 2019		Aprobado por resolución de Alcaldía núm. 407/2019 de data 16/05/2019.	MAIO 2019

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. José Juan Tarrío González, (ATIGA INGENIERÍA Y URBANISMO), denominado “CONSERVACIÓN DE RÚAS NO CASCO URBANO DO CONCELLO DE LAXE”, de data maio de 2019, por importe de 25.207,20 €, máis 5.293,51 euros de IVE, facendo un total de 30.500,71 euros, aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 407/2019 de data 14/06/2019.

Visto o informe técnico de data 14/05/2019 emitido polo técnico municipal D. Antonio Corrochano Corrochano, no que conclúe que o proxecto técnico precisa as seguintes autorizacións:

- Protección do Patrimonio Cultural Galego.

Vista a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia, de data 15/03/2019, pola que se autoriza a intervención solicitada, coa condición de que se deberá presentar un proxecto de control arqueolóxico dos traballos.

Vista a resolución de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se autoriza a realización do Control Arqueolóxico no Proxecto de Conservación das Rúas Panaderas e Sol (Laxe).

Trátase dunha obra completa, que constitúe unha unidade funcional de acordo con establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no sentido de ser

susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.

Pola natureza do seu obxecto, este investimento non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Vista a resolución de Alcaldía núm. 988/2018, de data 14/12/2018, no que se acorda non dividir en lotes o proxecto.

Tendo en conta a natureza das actuacións ás que fai referencia o obxecto do proxecto, estamos ante un contrato administrativo de obras regulado nos arts. 12 e 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), necesarios para posibilitar, de acordo coas leis, o cumprimento dos fins propios do concello como sen dúbida son os da realización das obras previstas nesta actuación e contidas nos respectivos documentos técnicos, onde se detalla a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

Xustifícase a necesidade urxente e inaprazable desta actuación en que:

- Son rúas que forman parte do casco histórico da Vila de Laxe.
- Son rúas céntricas polas que transitan tódolos días as persoas do lugar e os vehículos.
- Son rúas que comunican diferentes zonas da Vila (Igrexa, Museo do Mar, Casa do Arco, ...).
- Son rúas cunha gran tradición e arraigo popular, polas que transcorren as procesións relixiosas.
- Son rúas moi transitadas polos turistas, sendo o turismo un dos motores económicos do concello.

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2. d) que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade polo que é preciso proceder ao mantemento da referida rede viaria municipal e, dado que foi un proxecto aprobado para incorporalo como investimento no



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Plan único de concellos POS+ ADICIONAL 1/2019, da Deputación de A Coruña, é necesario licitar a contratación de dita obra.

Visto que este concello non conta con medios persoais nin materiais para acometer esta actuación.

Características do contrato:

Tipo de contrato: OBRA	
Obxecto do contrato: Executar as obras de “Conservación de rúas no casco urbano do Concello de Laxe”.	
Procedemento de contratación: PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO	Tipo de Tramitación: ORDINARIA
Código CPV: 45233222-1. Traballos de pavimentación e asfaltado.	
Valor estimado do contrato: 25.207,20 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 25.609,35 €	IVE%: 5.293,51 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 30.500,71 €	
Duración da execución: 8 semanas	

Visto que na Base 7 das Reguladoras do POS+ Adicional 1/2019 da Deputación da Coruña establécese que os Concellos contratarán os investimentos de acordo coa Lei 9/2017 de Contratos do sector Público, mediante procedemento “aberto”, “aberto simplificado” ou “aberto simplificadísimo”.

Analizadas as necesidades municipais e á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto simplificadísimo, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Á vista do anterior,



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

DISPOÑO

PRIMEIRO. Que pola Intervención se emita informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar e se informe da existencia de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato

SEGUNDO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Laxe, na data de sinatura da marxe
O primeiro tenente alcalde,
(delegación por ausencia, Resolución nº 509, de 13/09/2022)
Asdo. Francisco Charlín Oróns